

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019-20

CEIP SAN XOÁN BAUTISTA  
1º-2º PRIMARIA

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	CEIP SAN XOÁN BAUTISTA CERDEDO	1º 2º PRIMARIA
---	-----------------------------------	----------------

## ÍNDICE

### **1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

- 1.1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 1º curso.
- 1.2.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 2º curso.

### **2.- Avaliación e cualificación.**

- 2.1.- Avaliación e cualificación 1º curso.
- 2.2.- Avaliación e cualificación 2º curso

### **3.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

- 3.1.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre 1º curso.
- 3.2.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre 2º curso.

### **4.- Información e publicidade.**

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	CEIP SAN XOÁN BAUTISTA CERDEDO	1º 2º PRIMARIA
---	-----------------------------------	----------------

# 1.- ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS IMPRESCINDIBLES.

## 1.1.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 1º curso.

MATEMÁTICAS 1º	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 99.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá.	MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 99. Ordena números enteiros e represéntaos na recta numérica.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.3. Emprega procedementos diversos na realización de cálculos numéricos básicos.
B3.4. Iníciase no coñecemento das unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.4.1. Coñece e utiliza as unidades de medida do tempo e as súas relacións. Minuto, hora, día, semana e ano.
B4.2. Coñecer as figuras planas básicas: cadrado, círculo, rectángulo e triángulo.	MTB4.2.1. Recoñece formas rectangulares, triangulares e circulares en obxectos do contorno inmediato.

LINGUA GALEGA 1º	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.
	LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo.
B1.5. Participar nas diversas situacións de interacción oral que se producen na aula amosando valoración e respecto polas normas que rexen a interacción oral.	LGB1.5.1. Respecta as quendas de palabra nos intercambios orais.
	LGB1.5.6. Participa na conversa formulando e contestando preguntas.
B2.3. Ler, de forma guiada, textos sinxelos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras	Descodifica de forma axeitada na lectura de textos moi sinxelos
	Le textos sinxelos en voz alta, acadando progresivamente a velocidade axeitada.
B4.3. Recoñecer a relación entre son e grafía así como as palabras como	LGB4.3.1. Recoñece a relación entre son e grafía.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	CEIP SAN XOÁN BAUTISTA CERDEDO	1º 2º PRIMARIA
--------------------------------------	--------------------------------	----------------

instrumento para a segmentación da escritura.	
B5.2. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á expresividade e á autonomía lectoras.	LGB5.2.1. Le, de forma guiada, textos en silencio, adecuados aos intereses infantís, para chegar progresivamente á autonomía lectora.

<b>LENGUA CASTELLANA 1º</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra.	LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e emocións propias.
B1.9. Expresarse de forma oral en diferentes situacións con vocabulario axeitado e unha secuencia coherente	LCB1.9.1. Narra situacións e experiencias persoais sinxelas.
B2.1. Ler en voz alta diferentes tipos de textos infantís breves e sinxelos.	LCB2.1.1. Lee con pronunciación e entoación axeitada, textos sinxelos, de variada tipoloxía, breves e adaptados á súa idade.
B3.1. Interiorizar e utilizar as normas básicas de escritura e os seus aspectos gráficos	LCB3.1.1. Relaciona os códigos oral e escrito: discrimina sons nas palabras e consolida aspectos grafomotores e grafías da Lingua castelá en palabras significativas.
B4.1. Aplicar os coñecementos gramáticos básicos sobre a estrutura da lingua.	LCB4.1.1. Desenvolve a conciencia fonolóxica: identifica sílabas e fonemas como elementos fundamentais da palabra.
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.1. Forma e ordena correctamente oracións simples para compoñer textos sinxelos.

## 1.2.- Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles 2º curso.

<b>LENGUA CASTELLANA 2º</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións.
B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter	LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	CEIP SAN XOÁN BAUTISTA CERDEDO	1º 2º PRIMARIA
--------------------------------------	--------------------------------	----------------

infantil.	textos moi sinxelos apropiados á súa idade. LCB2.1.2. Le en silencio textos moi sinxelos próximos á súa experiencia infantil.
B2.2. Comprender distintos tipos de textos adaptados á idade e utilizando a lectura como medio para ampliar o vocabulario.	LCB2.2.1. Identifica o tema dun texto sinxelo LCB2.2.2. Distingue, de forma xeral, entre as diversas tipoloxías textuais en textos do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe (descritivos, narrativos, dialogados) e a súa intención comunicativa (informativos, literarios e prescritivos).
B3.1. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas(informativos, literarios e prescritivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios... LCB3.1.2. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos etc
B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.3.1. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos
B4.4. Desenvolver estratexias para mellorar a comprensión oral e escrita a través do coñecemento da lingua.	LCB4.4.3. Utiliza unha sintaxe básica nas producións escritas propias.

<b>MATEMÁTICAS 2º</b>	
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución	MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999. MTB2.1.2. Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais. MTB2.1.3. Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes.
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá	MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas.	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados. MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	CEIP SAN XOÁN BAUTISTA CERDEDO	1º 2º PRIMARIA
--------------------------------------	--------------------------------	----------------

	MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental.
B3.4. Coñece as unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemas da vida diaria.	MTB3.4.1. Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos)

<b>LINGUA GALEGA 2º</b>	
<b>Criterio de avaliación</b>	<b>Estándar de aprendizaxe</b>
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico	LGB1.3.1. Participa nunha conversa entre iguais, comprendendo o que di o interlocutor e contestando se é preciso.
	LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo e pregunta, se é preciso, para verificar a súa comprensión.
	LGB1.3.3. Elabora e produce textos orais sinxelos ante a clase e responde preguntas elementais sobre o seu contido.
B2.3. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso.	LGB2.3.1. Descodifica de forma axeitada na lectura de textos diversos.
	LGB2.3.2. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada.
	LGB2.3.3. Fai lecturas dramatizadas de textos
B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.	LGB3.1.1. Produce e reescribe textos relativos a situacións cotiás infantís como invitacións, felicitacións, notas ou avisos, utilizando as características habituais deses textos.
	LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo.
	LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.
B4.1. Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica, como apoio á comprensión e á produción de textos, así como aplicar o seu coñecemento no uso da lingua	LGB4.1.2. Diferencia as sílabas que conforman cada palabra.
	LGB4.1.3. Identifica nomes comúns e propios a partir de palabras dadas, frases ou textos.
	LGB4.1.4. Sinala o xénero e número de palabras dadas.
B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.	LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	CEIP SAN XOÁN BAUTISTA CERDEDO	1º 2º PRIMARIA
--------------------------------------	--------------------------------	----------------

## 2.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN.

### 2.1.- Avaliación e cualificación 1º curso

1. Avaliación e cualificación				
Avaliación	Procedementos:	Escritos	Orais	Outros
	Instrumentos:	Tarefas realizadas polo alumnado na actividade diaria	Participación en actividades de carácter audiovisual	Actividades interactivas online.
Cualificación final	A cualificación ordinaria será o resultado de calcular a media das dúas primeiras avaliacións, podendo verse incrementada esta media ata un máximo de 1 punto realizando o traballo do terceiro trimestre. Para acadar este punto extra da avaliación ordinaria terase en conta: A realización correcta de tarefas no tempo estipulado (50%) Esforzo e actitude positiva e colaborativa (20%) Limpeza e orde nas tarefas (30%)			

### 2.2.- Avaliación e cualificación 2º curso

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	CEIP SAN XOÁN BAUTISTA CERDEDO	1º 2º PRIMARIA
--------------------------------------	--------------------------------	----------------

<b>1. Avaliación e cualificación</b>				
<b>Avaliación</b>	Procedementos:	Escritos	Orais	Outros
	Instrumentos:	Tarefas realizadas polo alumnado na actividade diaria	Participación en actividades de carácter audiovisual	Actividades interactivas online
<b>Cualificación final</b>	<p>A cualificación ordinaria será o resultado de calcular a media das dúas primeiras avaliacións, podendo verse incrementada esta media ata un máximo de 1 punto realizando o traballo do terceiro trimestre.</p> <p>Para acadar este punto extra da avaliación ordinaria terase en conta:</p> <p>A realización correcta de tarefas no tempo estipulado (50%)            Esfuerzo e actitude positiva e colaborativa (20%)            Limpeza e orde nas tarefas (30%)</p>			

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	CEIP SAN XOÁN BAUTISTA CERDEDO	1º 2º PRIMARIA
---	-----------------------------------	----------------



### 3.- METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE.

#### 3.1.- Metodoloxía e actividades do 3º trimestre 1º CURSO.

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
<b>Actividades</b>	<p><b>Lingua:</b> actividades de repaso e reforzo, especialmente de lectura, comprensión e elaboración de textos</p> <p><b>Matemáticas:</b> actividades de repaso de operacións e resolucións de problemas</p> <p>Dado que case a totalidade do alumno acadou o mínimo imprescindible, levaranse a cabo actividades de ampliación para estes alumnos. No caso dun alumno que non acadou os mínimos, seguimos facendo</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p><b>Alumnado con conectividade:</b> envío de actividades variadas por aula virtual para realizar tanto en vía dixital como en formato impreso.</p> <p>Procuramos a autonomía dixital do alumnado propoñendo recursos e ferramentas que fagan posible a transmisión e realización das actividades sen dependencia dun adulto.</p> <p>Realización de videoconferencias par a consolidación de conceptos, para explicacións sobre procesos dixitais e tratamento das actividades, así como para manter vivas todas as actividades de carácter oral.</p> <p><b>Alumnado sen conectividade:</b> envío e recollida de material impreso adaptado ás necesidades de cada alumno. Este servizo lévase a cabo coa colaboración do concello.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Ademais dos recursos máis habituais da programación ordinaria, introdúcense os seguintes elementos:</p> <ul style="list-style-type: none"><li>• Cisco Webex, plataforma para videoconferencias</li><li>• Utilización da aula virtual para propoñer e recibir tarefas feitas en papel de xeito tradicional así coma actividades de realización directa na mesma (leccións, enquisas, probas ou actividades colaborativas)</li><li>• Emprego de ferramentas informáticas diversas: conversores en liña, aplicacións, descargas, email, procesador de textos.</li></ul>

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	CEIP SAN XOÁN BAUTISTA CERDEDO	1º 2º PRIMARIA
--------------------------------------	--------------------------------	----------------

### 3.2.- Metodoloxía e traballo do 3º trimestre 2º curso

Metodoloxía e actividades do 3º trimestre	
<b>Actividades</b>	<p><b>Lingua:</b> actividades de repaso e reforzo, especialmente de lectura,</p> <p><b>Matemáticas:</b> actividades de repaso de operacións e resolucións de problemas.</p> <p>Dado que case a totalidade do alumno acadou o mínimo imprescindible, levaranse a cabo actividades de ampliación. No caso concreto dun alumno que non acadou os mínimos, seguimos facendo actividades de repaso e reforzo, ademais das actividades propostas polos mestres de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe.</p>
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	<p><b>Alumnado con conectividade:</b> envío de actividades variadas por aula virtual para realizar tanto en vía dixital como en formato impreso.</p> <p>Procuramos a autonomía dixital do alumnado propoñendo recursos e ferramentas que fagan posible a transmisión e realización das actividades sen dependencia dun adulto.</p> <p>Realización de videoconferencias par a consolidación de conceptos, para explicacións sobre procesos dixitais e tratamento das actividades, así como para manter vivas todas as actividades de carácter oral.</p> <p><b>Alumnado sen conectividade:</b> envío e recollida de material impreso adaptado ás necesidades de cada alumno. Este servizo lévase a cabo coa colaboración do concello.</p>
<b>Materiais e recursos</b>	<p>Ademais dos recursos máis habituais da programación ordinaria, introdúcense os seguintes elementos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>• Cisco Webex, plataforma para videoconferencias</li> <li>• Utilización da aula virtual para propoñer e recibir tarefas feitas en papel de xeito tradicional así coma actividades de realización directa na mesma (leccións, enquisas, probas ou actividades colaborativas)</li> <li>• Emprego de ferramentas informáticas diversas: conversores en liña, aplicacións, descargas, email, procesador de textos.</li> </ul>

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	CEIP SAN XOÁN BAUTISTA CERDEDO	1º 2º PRIMARIA
--------------------------------------	--------------------------------	----------------

## 4.- INFORMACIÓN E PUBLICIDADE

<b>1. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Os titores comunicarémonos coas familias para informar sobre as modificacións. O centro comunicará ás familias mediante Abalar Móbil da publicación na páxina web de todas as programacións modificadas.
<b>Publicidade</b>	O centro publicará na páxina web do centro estas modificacións.